



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 27 DE ABRIL DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO. EXCMO. SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a ocupación urxente dos bens e dereitos afectados polo proxecto construción da obra autovía Ferrol-Vilalba. Treito: Cabreiros-Autovía do Cantábrico en Vilalba.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se dispón que cese José Antonio Quiroga y Piñeiro como presidente do Consello Social da Universidade da Coruña
- Decreto polo que se nomea presidenta do Consello Social da Universidade da Coruña a Felipa Jove Santos

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Decreto polo que se nomea a Ramón Villares Paz presidente do Consello da Cultura Galega

ACORDOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de dezanove millóns novecientos sete mil douscentos vinte e sete euros con trinta e seis céntimos (18.907.227,36 euros), da obra variante de Vilagarcía de Arousa.
- Acordo para validar o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta e o Concello de Fene para



coordinar actuacións que permitan a execución e conservación da travesía da AC-133, ramal da AC-122 a Fene, da data 10 de xuño de 2005.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara municipio turístico galego o Concello de Lugo
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a Consellería de Innovación e Industria da Comunidade Autónoma de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña, a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol e a Asociación de Hostalería de Ferrol, para o desenvolvemento dun plan de dinamización do produto turístico na ría de Ferrol, Ferrolterra e Ortegá (A Coruña)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a Consellería de Innovación e Industria da Comunidade Autónoma de Galicia, o Concello de Ourense, a Federación Provincial de Comercio e a Federación Provincial de Hostalería de Ourense para o desenvolvemento dun plan de dinamización do produto turístico en Ourense.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM RURAL –Boqueixón.....Lalín).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para a realización de actuacións en materia de desenvolvemento rural.

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Castroviride para a realización de obras de intervención na Torre de Castroviride e o seu contorno.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Cultura e o Concello de Monforte de Lemos para a realización de obras de rehabilitación de lenzos da Muralla nos tramos contiguos á Torre de San Domingos.



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello do Barco de Valdeorras para a execución das obras: “actuacións de saneamento en bacías intercomunitarias. Renovación de infraestruturas de abastecemento e saneamento na avenida Manuel Quiroga e outros (O Barco de Valdeorras), por importe de 880.900 euros.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello de Foz para a execución das obras: “actuacións de saneamento na bacía Galicia Costa. Saneamento en San Acisclo (Lugo), por importe de 183.874 euros.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica-financeira da Xunta co Concello de Betanzos para a execución das obras: “actuacións de saneamento na bacía Galicia Costa. Saneamento de Guiliade. Piadela e Xan Rozo. Betanzos (A Coruña), por importe dun millón douscentos corenta e oito mil douscentos trinta e oito euros e oitenta e oito céntimos.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta co Concello de Carballeda de Avia para a execución das obras “actuacións de saneamento en bacías intercomunitarias. Rede de pluviais e abastecemento en Carballeda de Avia (Ourense), por importe de douscentos oitenta e un mil cincocentos euros.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Santiago para a execución das obras: “Mellora das infraestruturas hidráulicas na Comunidade Autónoma. Nova impulsión desde a estación de tratamento de auga potable no Tambre ao depósito do Polígono. Santiago de Compostela (A Coruña), por importe de catrocentos oito mil douscentos cincuenta euros e trinta e cinco céntimos.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Allariz para a rehabilitación de baixos comerciais no casco histórico e para a mellora da urbanización no núcleo rural de Santa Mariña de Augas Santas.

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Informe sobre a conxuntura económica e o reto da converxencia



A XUNTA APROBA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA 2006 CON 365 PRAZAS PARA PERSOAL DE NOVO INGRESO E 184 PARA FUNCIONARIOS

- *Un 5% das prazas estarán reservadas a persoas con discapacidade*
- *Os discapacitados poderán solicitar as adaptacións posibles de tempo e/ou medios para a realización de probas selectivas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a oferta de emprego público para 2006 en aplicación da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para este ano. A oferta inclúe un total de 365 prazas destinadas a persoal de novo ingreso así como 184 vacantes para cubrir mediante promoción interna. Un 5% destas prazas estarán reservadas a persoas con discapacidade.

A oferta de emprego público para 2006, presentada pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, foi aprobada hoxe polo Consello da Xunta. A oferta inclúe as necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poden ser cubertas cos efectivos de persoal existentes. Así mesmo, establece que serán cubertas por persoal de novo ingreso, promoción interna e persoal laboral.

O decreto dispón que se durante o exercicio orzamentario de 2006, como consecuencia de reestruturacións ou resolución de procesos de provisión, quedasen máis prazas vacantes poderán incluírse nunha oferta complementaria.

Persoal de novo ingreso

A oferta de emprego público comprende 365 prazas para persoal de novo ingreso correspondentes a distintos corpos e escalas da Administración xeral e especial e tamén distintas categorías de persoal laboral fixo.

En concreto, inclúe 211 prazas para a Administración xeral repartidas en 199 para corpos xerais e 12 para escalas da seguinte maneira:

Corpos xerais

- Superior da administración da Xunta (grupo A)	16
- Administrativo da Xunta (Grupo C)	20
- Auxiliar da Xunta (Grupo D)	69
- Subalerno da Xunta (Grupo E)	94

Escalas

- Escala de letrados/as (grupo A)	8
- Escala técnica de inspección turística (grupo B)	4



En canto ao número de prazas da Administración especial, a oferta prevé 79 prazas, 31 do corpo facultativo superior da xunta de Galicia e 48 do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia.

Corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A)

- Escala de enxeñeiros/as agrónomos	5
- Escala de enxeñeiros/as de camiños, canles e portos	5
- Escala de enxeñeiros/as de montes	11
- Escala de biólogos/as	3
- Escala facultativa de arquivos	5
- Escala facultativa de museos	2

Corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B)

- Escala de enxeñeiros/as técnicos agrícolas	22
- Escala de enxeñeiros/as técnicos forestais	18
- Escala de enxeñeiros/as técnicos industriais	5
- Escala de axudantes de arquivos	2
- Escala de axudantes de bibliotecas	1

A oferta prevé igualmente 75 prazas de persoal laboral fixo, 15 do grupo I e 60 do grupo IV.

Grupo I

- Titulado/a superior ambiental	14
- Titulado/a superior especialista	1

Grupo IV

- Camiñeiro/a	60
---------------	----

Promoción interna

No ano 2006 convocaranse 184 prazas para os funcionarios dos distintos corpos da Administración xeral da Xunta de Galicia. A distribución de prazas é a seguinte:

Corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A): 17

Corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia (grupo B): 19

Corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C): 78

Corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D): 70

Proceso de persoal laboral

Os postos de traballo de persoal laboral do grupo I, vinculados aos acordos de consolidación de emprego público da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible proveranse de conformidade co previsto no IV Convenio



colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia e demais normativa de aplicación.

Persoas con discapacidade

Nos procesos selectivos para o ingreso en corpos e escalas de persoal funcionario, así como nos de promoción interna e de persoal laboral, serán admitidas as persoas con discapacidade. En cada convocatoria reservárase o 5% das vacantes ofertadas para aqueles que teñan a condición legal de persoas con discapacidade.

O decreto establece a posibilidade de que unha vez cuberta a cota de reserva para discapacitados, os aspirantes con discapacidade que superen a fase de oposición poderán optar en igualdade de condicións, ás prazas do sistema xeral, tanto no caso de acceso por promoción interna como no da quenda libre.

Por último, as persoas con discapacidade poderán solicitar as adaptacións posibles de tempo e/ou medios para a realización de probas selectivas. Nas convocatorias indícarase expresamente esta posibilidade, así como que os interesados deberán formular a correspondente petición concreta na solicitude de participación.



A CPTOPT INICIA O PROCESO EXPROPIATORIO DO TREITO CABREIROS-VILALBA, DA AUTOVÍA FERROL-VILALBA

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de treito entre Cabreiros e a Autovía do Cantábrico ao seu paso por Vilalba, correspondente á Autovía AG-64, Ferrol-Vilalba.

O dito treito ten unha lonxitude de 13,5 quilómetros entre os concellos de Xermade e Vilalba e contará cunha calzada de 24 metros de ancho composta por dous carrís de 7 metros, dúas beiravías interiores de 1,5 metros, dúas beiravías exteriores de 2,5 metros e unha mediana de 2 m. Ademais, disporá de sete pasos superiores e oito inferiores.

O orzamento total de Cabreiros-Vilalba acada os 40 millóns de euros dos que 2,4 millóns destinaranse ao pagamento das expropiacións dos 695 predios afectados.

A autovía Ferrol-Vilalba englobase na Rede de Vías de Alta Capacidade da Xunta de Galicia e, unha vez posta en funcionamento, dará servizo aos máis de 153.000 habitantes dos concellos de Ferrol, Narón, Neda, San Sadurniño, As Somozas, As Pontes, Xermade e Vilalba.



NOMEADA FELIPA JOVE COMO PRESIDENTA DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá o decreto da Consellería de Educación e Ordenación polo que se nomea a Felipa Jove Santos como presidenta do Consello Social da Universidade da Coruña. Felipa Jove substitúe no seu cargo a José Antonio Quiroga y Piñeiro.

Felipa Jove é vicepresidenta de *Fadesa* e coordinadora xeral do *staff* de *Grupo Inmobiliario*. Coursou estudos de comercio exterior e relacións internacionais e realizou un máster en dirección de empresas de comercio internacional e un MBA en comercio internacional.

A súa traxectoria profesional está ligada a *Fadesa*, compañía na que desenvolveu diferentes postos de responsabilidade na última década, entre os que se atopa o de directora de Xestión da División Patrimonial de *Fadesa*, posto que ocupou desde 1999 ata 2002, ano no que se converte en vicepresidenta.

Felipa Jove é ademais presidenta da *Fundación María José Jove*, que promove accións a favor da infancia. Esta institución foi constituída en 2003 en recordo da que fora presidenta de *Fadesa*, María José Jove.

Felipa Jove asume a partir de agora tamén a presidencia do Consello Social da Universidade da Coruña. Este órgano está considerado como a canle de participación da sociedade na universidade, correspondéndolle a supervisión das actividades de carácter económico da universidade e da eficacia dos seus servizos, ao tempo que promove a colaboración da sociedade no financiamento das universidades. Ademais, aproba o orzamento da súa universidade e a súa programación anual.



RAMÓN VILLARES, NOMEADO PRESIDENTE DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA

O Consello da Xunta deu o visto e praxe ao decreto polo que se nomea a Ramón Villares Paz presidente do Consello da Cultura Galega.

Ramón Villares, nacido en 1951 en Cazás, Xermade (Lugo), é membro electo do pleno do Consello da Cultura Galega desde 2003, ano no que comezou a dirixir o seu Arquivo da Emigración Galega e a Sección de Cultura Galega no Exterior. É doutor en Historia desde 1980 e catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela desde 1987.

É autor de máis de setenta publicacións, entre as que destacan libros como *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, (1982), *Foros, frades e fidalgos*, *Estudos de historia social de Galicia*, (1982), *Galicia. A Historia*, (1984) (con versión en lingua española e portuguesa), *Figuras da nación*, (1997), *El mundo contemporáneo, siglos XIX y XX*, (2001) (en colaboración con A. Bahomonde) e *Historia de Galicia* (2004). Tamén foi editor de libros como *Donos de seu*, (1988) e de *Señores y campesinos en la Península Ibérica, siglos XVIII-XX*, (1991) (en colaboración con Pegerto Saavedra).

Decano da Facultade de Xeografía e Historia (1986-1990) e rector magnífico da Universidade de Santiago (1990-1994), membro fundador e Presidente (1996-2002) da Asociación Española de Historia Contemporánea, foi director en Galicia da UIMP desde 1998 ata 2006. Dirixiu dezaseis teses de doutoramento e vinte memorias de Licenciatura, ademais de ter sido tamén investigador principal de cinco proxectos de investigación (CYCIT e Xunta de Galicia), así como de varios convenios de asistencia técnica.

Realizou estadías de investigación na Universidade de Bologna (Italia) e no centro "Alcide Cervi" de Roma, ademais de ser profesor convidado na Ecole de Hautes Etudes (París) e no Instituto de Ciencias Sociais (Lisboa). Forma parte do consello editorial de Marcial Pons, Ediciones de Historia e pertence ao consello asesor de revistas como *Ayer* (M.Pons Ediciones de Historia), *Historia Social* (Valencia), *Hispania* (Madrid), *Ler Historia* (Lisboa) ou *Perspectivas Históricas* (México).

O 20 de abril de 2006 foi elixido, por amplísima maioría do pleno, presidente do Consello da Cultura Galega. É o quinto logo de Ramón Piñeiro, Xosé Filgueira Valverde, Carlos Casares e Alfonso Zulueta de Haz.



PRETO DE 654.000 EUROS PARA ACONDICIONAR A TRAVESÍA AC-133 AO SEU PASO POR FENE

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá preto de 654.000 euros no acondicionamento e conservación da travesía AC-133, concretamente no ramal que vai da AC-122 á localidade coruñesa de Fene.

O Consello da Xunta validou hoxe este gasto que se executará repartido en dúas anualidades entre este e o vindeiro ano.

As obras consistirán na construción de beirarrúas, canalizacións de pluviais, residuais e abastecemento de augas, canalización para iluminación pública, sinalización e balizamento do treito antes sinalado. Unha vez rematadas as obras, iniciarase o expediente de traspaso das beirarrúas e os seus servizos ao Concello que, deste xeito, asumirá a súa explotación e conservación.

Esta actuación contribuirá a aumentar a seguridade viaria na zona, xa que a meirande parte do percorrido do treito carece de beirarrúas, o que implica unha importante perigosidade para os peóns.

A estrada AC-133 presenta unha Intensidade Media Diaria (IMD) de 14.226 vehículos. Trátase dunha vía de carácter urbano que serve de eixo de comunicación entre diversos núcleos de poboación do concello de Fene, polo que tamén dispón dunha importante circulación de tráfico peonil.

A CPTOPT encargárase da execución das obras e de aprobar o proxecto técnico previamente elaborado polo Concello de Fene.



POLÍTICA TERRITORIAL INVISTE 20 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DA VARIANTE DE VILAGARCÍA DE AROUSA

- *A nova vía permitirá desviar o tráfico que actualmente atravesaba o núcleo urbano*

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 19,9 millóns de euros, repartidos en tres anualidades ata o ano 2008, na construción da Variante de Vilagarcía de Arousa.

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto para a execución da devandita infraestrutura de 7,6 quilómetros de lonxitude que conectará polo norte coa estrada PO-548, á altura de Carril, e no sur coas estradas N-640, PO-531, e coa nova vía de acceso ao Porto de Vilagarcía (do Ministerio de Fomento), actualmente en fase de proxecto.

O obxectivo desta actuación é desviar o tráfico que actualmente atravesaba o núcleo urbano de Vilagarcía, o que repercutirá na diminución dos tempos de percorrido e mellorará a seguridade viaria na zona.

Unha vez que entre en funcionamento, a variante de Vilagarcía dará servizo a máis de 70.000 habitantes dos concellos de Cambados, Vilanova de Arousa, Vilagarcía, Caldas de Reis e Catoira.

Ao orzamento previsto para a construción da Variante, hai que engadir outros preto de 8,4 millóns de euros que se destinarán ao pagamento das expropiacións dos 571 predios afectados pola obra e que están situados nos concellos de Vilagarcía, Vilanova e Caldas de Reis.

No que atinxe ás características técnicas, a nova vía disporá de dous carrís de 3,5 metros de ancho cada un, aos que hai que sumar outras dúas beiravías de 2,5 metros.

Así mesmo, contará con catro pasos superiores, nove pasos inferiores, dous viadutos e dúas glorietas de enlace.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A DECLARACIÓN DE LUGO COMO MUNICIPIO TURÍSTICO GALEGO

- *A proposta foi presentada polo Concello lugués e valorada e aprobada por unha comisión de valoración presidida polo director xeral de Turismo*
- *Esta distinción comportará beneficios para o desenvolvemento turístico da cidade das murallas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a declaración de Lugo como municipio turístico galego, de acordo co establecido no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, polo que se regulan este tipo de declaracións. A proposta, presentada polo propio Concello lugués, foi valorada e aprobada por unha comisión de valoración presidida polo director xeral de Turismo e elevada ao Consello da Xunta pola Consellería de Innovación e Industria, que ten as competencias en materia de turismo.

A Comisión de Valoración constatou o cumprimento por parte de Lugo dos requisitos establecidos na normativa para ser declarado municipio turístico, que teñen que ver coa afluencia de visitantes, os atractivos turísticos do destino e os servizos públicos dispoñibles, tales como rede de sumidoiros, recollida de lixo, seguridade e protección civil, ordenamento urbanístico, información turística e protección do contorno natural.

Na declaración de Lugo como municipio turístico incidiron positivamente aspectos como a condición de Patrimonio da Humanidade da muralla romana, a existencia dun Plan Xeral de Ordenación Urbana, dun Plan Especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e dun Plan Especial de protección do río Miño, así como os informes doutros departamentos da Xunta en ámbitos como a sanidade, a seguridade ou a política territorial.

Prioridade

Segundo establece a normativa, a Declaración de Municipio Turístico suporá para Lugo, entre outros beneficios, un criterio específico de prioridade nos beneficios que se poidan derivar dos planos de desenvolvemento e mellora do sector turístico que acometa a Xunta, a súa inclusión, con carácter preferente, nos planos provinciais de cooperación de obras e servizos, e a prioridade na concesión de axudas e subvencións da Administración turística para a potenciación de programas locais de desenvolvemento e de potenciación e promoción dos recursos turísticos.



O PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DA RÍA DE FERROL ESTARÁ DOTADO CON 3,5 MILLÓNS DE EUROS

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio para a súa posta en marcha*
- *Estará cofinanciado polo Estado, o Goberno Galego e a Deputación da Coruña, no período 2006-2009*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Ministerio de Industria, Turismo y Comercio, a Deputación da Coruña, a Cámara de Comercio de Ferrol e a Asociación de Hostalería de Ferrol para o desenvolvemento dun plan de Dinamización do Produto Turístico na Ría de Ferrol (comarcas de Ferrol e Ortegal). Este plan suporá un investimento total de 3.500.000 euros, que serán achegados pola Administración do Estado, a Xunta –a través da Consellería de Innovación e Industria– e a Deputación da Coruña, entre os anos 2006 e 2009. Os obxectivos deste plan son o aumento da calidade dos servizos turísticos do destino, a mellora do medio urbano e natural do destino, a ampliación e mellora dos espazos de uso público, o aumento, diversificación e mellora da oferta complementaria, a posta en valor de recursos turísticos, a creación de novos produtos e a sensibilización e implicación da poboación e axentes locais nunha cultura da calidade.

Segundo o convenio, o Ministerio de Industria comprométese a considerar prioritarios, dentro dos seus programas de actuación e apoio ao sector, os proxectos turísticos dos concellos que converxan cos obxectivos deste plan, así como a involucrar a outros departamentos da Administración do Estado, a través da Comisión Interministerial de Turismo, na adopción de iniciativas e a solución de problemas de carácter turístico dos municipios beneficiados por este programa.

A Consellería de Innovación e Industria comprométese tamén a considerar prioritarios os proxectos turísticos da Deputación da Coruña que converxan cos obxectivos do plan. Pola súa banda, o organismo provincial asume entre outros o compromiso de fomentar o coñecemento do propio plan entre a poboación e os axentes turísticos das comarcas afectadas, así como de velar polo cumprimento da normativa urbanística e de ordenación territorial na zona obxecto das actuacións do plan, e evitar o crecemento incontrolado dos núcleos turísticos e da oferta de aloxamento.

Calidade

A Cámara de Comercio e a Asociación de Hostalería de Ferrol colaborarán estimulando entre os seus asociados a modernización e mellora dos establecementos turísticos e a elevación da calidade dos servizos, a ampliación da oferta complementaria e, en xeral, a mellora da competitividade do sector. O convenio establece que a Deputación da Coruña actuará como “administración executora” das actuacións materiais do plan, en coordinación co resto dos asinantes do mesmo.



XUNTA, GOBERNO CENTRAL E CONCELLO INVESTIRÁN 4,1 MILLÓNS DE EUROS NO PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DE OURENSE

- *O Consello autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre as tres administracións e o sector para este fin*
- *O plan, que se aplicará en tres anualidades, ten entre outros obxectivos a mellora da calidade dos servizos e a diversificación da oferta*

O Consello da Xunta, na súa xuntanza de hoxe, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración co Ministerio de Industria, Turismo y Comercio, o Concello de Ourense, a Federación Provincial de Comercio e a Federación Provincial de Hostelería de Ourense para o desenvolvemento dun Plan de Dinamización do Produto Turístico na cidade das Burgas. O orzamento do mesmo ascende a 4.155.000 euros, que financiarán conxuntamente a Xunta –a través da Consellería de Innovación e Industria–, o Goberno central e o propio Concello, entre os anos 2006 e 2008. Os obxectivos deste plan de dinamización pasan polo aumento da calidade dos servizos turísticos do destino, a mellora do medio urbano e natural do destino, a ampliación e mellora dos espazos de uso público, o aumento, diversificación e mellora da oferta complementaria, a posta en valor de recursos turísticos, a creación de novos produtos e a sensibilización e implicación da poboación e axentes locais nunha cultura da calidade.

En virtude deste acordo, o Ministerio de Industria comprométese a considerar prioritarios, dentro dos seus programas de actuación e apoio ao sector, os proxectos turísticos do concello de Ourense que converxan cos obxectivos deste plan, así como a involucrar a outros departamentos da Administración do Estado, a través da Comisión Interministerial de Turismo, na adopción de iniciativas e a solución de problemas de carácter turístico do municipio.

Pola súa banda, a Consellería de Innovación e Industria comprométese tamén a considerar prioritarios os proxectos turísticos do concello ourensán que converxan cos obxectivos do plan. Pola súa banda, o Goberno local asume entre outros o compromiso de fomentar o coñecemento do propio plan entre a poboación e os axentes turísticos, así como de velar polo cumprimento da normativa urbanística e de ordenación territorial, e evitar o crecemento incontrolado dos núcleos turísticos e da oferta de aloxamento.

Competitividade

As federacións provinciais de Comercio e Hostalería fomentarán entre os seus asociados a modernización e mellora dos establecementos turísticos e a elevación da calidade dos servizos, a ampliación da oferta complementaria e, en xeral, a mellora da competitividade do sector.



MEDIO RURAL ASINA 16 NOVOS CONVENIOS PARA A CONTRATACIÓN DE OBRAS DO PROGRAMA ESTRATÉXICO DE INFRAESTRUTURAS

- *O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural a asinar novos convenios para a realización de obras de infraestruturas rurais no marco do Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural, cun orzamento previsto nesta quinta quenda de 2.107.471 euros distribuídos en dúas anualidades.*

A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, elaborou as directrices para un plan de investimentos para realizar en distintos concellos de Galicia denominado Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM), que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos entre os que se sinalan proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e de mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e de contribuír a fixar poboación.

Preveranse tamén proxectos de obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren nas competencias da Consellería do Medio Rural.

A estrutura formal do convenio contén os títulos competenciais que xustifican a actuación, mecanismos de coordinación entre as partes, réxime de financiamento, e mecanismo de seguimento da execución do convenio.

Nesta quinta fase, destinaranse 2.107.471 euros para as obras que se executarán, logo da sinatura dos convenios, nos concellos de Boqueixón, A Capela, Carballo, Oleiros, Oroso, Santiso, Begonte, Bóveda, Castroverde, Friol, O Páramo, O Vicedo, Castrelo do Val, Leiro, O Grove e Lalín.

Estes 16 concellos correspondentes á quinta quenda súmanse aos 111 incluídos nos anteriores consellos da Xunta. Nas vindeiras semanas proseguirase co proceso de contratación de obras nos restantes municipios galegos, ata completar os 40 millóns de euros previstos no PEIM correspondentes ás anualidades 2006-2007.



MEDIO RURAL E O MAPA ASINARÁN UN CONVENIO POR VALOR DE 15 MILLÓNS DE EUROS PARA ACTUACIÓNS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura deste convenio que se destinará, sobre todo, a sufragar obras de concentración parcelaria.*
- *O ministerio investirá dez millóns de euros, mentres que a consellería prevé unha partida de cinco millóns que se executarán en dúas anualidades.*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para a realización de 42 actuacións de desenvolvemento rural en Galicia. Cunha partida de 15 millóns de euros, ambas as dúas administracións pretenden levar a cabo reformas nas estruturas agrarias do noso país que incidan directamente na viabilidade das explotacións a través do aumento da súa base territorial co fin de lograr unha adecuada dimensión dos predios agrarios. O convenio terá vixencia durante este e o vindeiro ano e dará paso a un marco xeral de cooperación entre ambas administracións, conscientes da importancia que ten a reestruturación da base territorial das explotacións no desenvolvemento integral das nosas zonas rurais.

O ministerio achega 10 millóns de euros con cargo á partida reservada dentro dos Orzamentos Xerais do Estado de 2006 para o *Programa de desenvolvemento rural en Galicia*, que deberán ser transferidos á nosa comunidade antes do 31 de decembro de 2007. Mentres tanto, a consellería investirá os cinco millóns restantes con cargo ao *Plan especial de reforma das estruturas* e ao *Programa de concentración parcelaria, obras conexas e servizos inherentes*. A distribución dos orzamentos farase en dúas anualidades: 3 millóns de euros en 2006 e 2 millóns no exercizo 2007.

O seguimento do convenio corresponderalle a unha comisión integrada por representantes das dúas administracións, que terá como fin analizar a execución e cumprimento do mesmo, avaliar os resultados e medir o impacto das actuacións desenvolvidas e resolver calquera dúbida que xurda na aplicación.

Distribución territorial dos fondos

Entre as actuacións que vai desenvolver o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, as provincias da Coruña e Lugo acaparan a maior parte dos investimentos, cun total de 3.175.000 e 3.135.000 euros respectivamente. Séguelle Pontevedra, con 2.185.000, e Ourense con 1.505.000 euros.

En canto ás obras que financiará Medio Rural, a provincia con maior investimentos será Lugo, cun total de 1.740.000 euros; seguida de Ourense, 1.270.000 euros; A Coruña con 1.170.000 euros e Pontevedra con 820.000 euros.



A CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE INVESTIRÁ 156.000 EUROS EN OBRAS DE REHABILITACIÓN DA TORRE DE CASTROVERDE

A Consellería de Cultura e Deporte asinará proximamente un convenio de colaboración co Concello de Castroverde para a realización dunha primeira fase das obras de reconstrución da torre medieval que domina esta vila luguesa. O Consello da Xunta aprobou hoxe este convenio que permitirá realizar un investimento de 156.000 euros.

Esta partida servirá para executar unha primeira fase da rehabilitación da Torre da Homenaxe, que terá unha compoñente investigadora moi importante. O proxecto, supervisado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, consistirá nunha prospección arqueolóxica que servirá para localizar e determinar o ámbito e os límites que ocupaba o antigo castelo e as súas edificacións anexas.

Nesta fase tamén se procederá á limpeza da vexetación que agora coloniza o monumento e consolidarase toda a estrutura. No reforzo da Torre da Homenaxe e a Dirección Xeral de Patrimonio procederá á desmontaxe e montaxe posterior de parte do muros da antiga fortaleza.

A torre e unha parte moi pequena da muralla son os únicos restos que quedan do antigo castelo fortaleza dos Castro de Lemos, e que á vez se levantaba sobre un vello castro. A torre ten uns 20 metros de altura, é de planta rectangular e contou con cinco andares. Polos restos que se conservan sábese que o castelo tiña dous foxos, un patio de armas e un de honor.



A CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE REHABILITARÁ O TRAMO DA MURALLA DE MONFORTE DE LEMOS QUE ESTÁ APUNTALADO

- ***Asinará un convenio co Concello de Monforte para investir 187.000 euros***
- ***As obras servirán para consolidar a base da muralla cun sistema de contención que quedará oculto á vista***

A Consellería de Cultura e Deporte asinará nos vindeiros días un convenio co Concello de Monforte de Lemos para proceder á recuperación definitiva dos lenzos da muralla nos tramos contiguos á torre de San Domingos. O Consello da Xunta aprobou na sesión que se celebrou este xoves este convenio de cooperación que permitirá realizar un investimento de 187.000 euros.

O departamento que dirixe Ánxela Bugallo, unha vez analizados os informes da Dirección Xeral de Patrimonio dependente desta, decidiu intervir neste recinto dado o seu proceso de deterioración e a súa evolución. As obras permitirán recuperar e consolidar a muralla do conxunto monumental de San Vicente á altura á altura de San Domingos.

A existencia de filtracións de auga e as modificacións sufridas ao longo dos séculos debilitaron a estrutura da muralla. A eliminación hai uns anos de varias edificacións acaroadas á mesma aceleraron este proceso xa que os antigos construtores danaron a cimentación do monumento. En xaneiro de 2001 este tramo sufriu un derrubamento que afectou a máis de vinte metros da fortaleza. A zona foi restaurada pero provisionalmente apuntalouse o muro na parte máis próxima á igrexa da Régoa como medida de seguridade e co obxecto de estabilizalo.

Os técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural estudaron nos últimos meses todo o contorno e construcións do recinto amurallado, identificando as zonas máis fráxiles e as circunstancias concretas relativas á súa conservación. Agora a Consellería de Cultura quere atender o tramo máis deteriorado mediante a súa consolidación e reconstrución. Coas obras reforzase a base da muralla cun sistema de contención que quedará oculto á vista.

Este é un primeiro paso para futuros proxectos de rehabilitación. A Dirección Xeral de Patrimonio prevé continuar neste mesmo ano un estudo completo e documentado para diagnosticar pormenorizadamente o estado da muralla e para definir as necesidades de intervención, xerarquizando neste sentido a importancia das actuacións e a concreción de das obras para realizar conforme os mencionados criterios de prioridade.



MEDIO AMBIENTE DESTINA MÁIS DE 3 MILLÓNS DE EUROS A MELLORAS EN SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN BETANZOS, SANTIAGO, CARBALLEDA DE AVIA, O BARCO E FOZ

O Consello da Xunta aprobou hoxe un novo paquete de investimentos da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible en materia de abastecemento e saneamento en cinco concellos galegos. Todas as actuacións agás unha, que suman máis de 3 millóns de euros, serán asumidas integramente pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, dependente de Augas de Galicia e afectan aos municipios de Betanzos, Santiago de Compostela, Foz, Carballeda de Avia e O Barco.

Os proxectos aprobados hoxe son os que se citan a continuación.

Betanzos: Saneamento de Guiliade, Piadela e Xan Rozo (1.248.238 euros)

A finalidade deste, cun importe de 1.248.238 euros, é completar a rede de saneamento de augas fecais nas parroquias de Guiliade, Piadela e Xan Rozo, así como a súa depuración construíndo 3 estacións depuradoras de augas residuais, dúas para 350 habitantes (Piadela e Xan Rozo) e unha para 700 habitantes equivalentes (Guiliade). Conta cun orzamento de execución por contrata de 183.874,28 euros, e un prazo de execución de catro meses. Esta actuación será financiada na súa totalidade pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

Santiago de Compostela: Nova impulsión desde a estación de tratamento de auga potable no Tambre ao depósito do Polígono (480.250,35 euros)

A impulsión existente na actualidade foi instalada hai varios anos e dimensionada para un caudal inferior ao que se bombea na actualidade. Esta circunstancia provoca un baixo rendemento da instalación, así como constantes roturas debido principalmente á acumulación de fatiga dos materiais. En consecuencia, esta actuación consiste na construción dunha nova impulsión que resolva estas deficiencias. Conta cun orzamento de execución por contrata de 816.500 euros, o prazo de execución será de oito meses. O financiamento será o 50% con cargos aos orzamentos da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o outro 50% con cargos aos orzamentos do Concello de Santiago de Compostela.

O Barco de Valdeorras: Renovación de infraestructuras de abastecemento e saneamento na avenida Manuel Quiroga e outros (880.900 euros)

O núcleo de O Barco de Valdeorras dispón dunhas conducións de abastecemento e saneamento na zona central do núcleo moi antigas. Parte das mesmas fóronse renovando coa execución de obras de urbanización de diversas rúas, quedando aínda un importante grupo no seu estado orixinal. O deteriorado estado no que se atopan provoca continuas avarías que supoñen un elevado custo de mantemento e un déficit na calidade do servizo. O obxecto desta actuación é a eliminación das deficiencias



existentes. Conta cun orzamento de execución por contrata de 880.900,00 euros, e un prazo de execución será de oito meses. O financiamento é na súa totalidade a cargo dos orzamentos da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

Carballeda de Avia: Rede de pluviais e abastecemento (285.50 euros)

Esta actuación ten como obxectivo a construción da rede de pluviais e abastecemento en Carballeda de Avia. Conta cun orzamento de execución por contrata de 281.500,00 euros, o prazo de execución será de seis meses, sendo financiada na súa totalidade pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

Foz: Saneamento en San Acisclo (183.874 euros)

As obras consisten na construción de dúas redes independentes de saneamento que recollen as augas residuais de San Acisclo, que posteriormente son vertidas, logo da depuración, ao río Ouro. Por unha parte darase servizo aos barrios do Lagar e Sobrado e pola outra aos barrios de As Abidueiras, O Carballo e o resto de lugares. Conta cun orzamento de execución por contrata de 183.874,28 euros, e un prazo de execución será de catro meses. Esta actuación será financiada na súa totalidade pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.



VIVENDA E SOLO FINANCIARÁ CON 800.000 EUROS A REHABILITACIÓN DE BAIXOS COMERCIAIS NO NÚCLEO HISTÓRICO DE ALLARIZ E A MELLORA DA URBANIZACIÓN NO RURAL DE SANTA MARIÑA DE AUGAS SANTAS

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Allariz para a realización destas melloras*
- *Realizarase a rehabilitación de 11 baixos en Santo Estevo e Fonteiriña mentres que no núcleo de Augas Santas procederase a soterrar a liña de iluminación e pavimentar as rúas*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo, dirixida por Teresa Táboas, e o Concello de Allariz, para financiar as obras de rehabilitación de varios baixos comerciais no Núcleo Histórico de Allariz e proceder á mellora da urbanización do núcleo rural de Santa Mariña de Augas Santas. O investimento total ascende a 1.052.432 euros dos que a consellería achega 800.000 euros para a realización destas obras antes de que remate este ano.

A rehabilitación de baixos no núcleo histórico consistirá na adaptación para uso comercial e afectará a 11 locais situados nas rúas Santo Estevo, Ferreiría, Fonteiriña e Da Cruz. O obxectivo é revitalizar e dinamizar a economía desta zona. Esta actuación enmárcase nunha das principais liñas de actuación da Consellería de Vivenda e Solo que consiste na rehabilitación do patrimonio construído acompañada dunha revitalización social e económica.

As actuacións previstas no núcleo rural de Santa Mariña de Augas Santas consistirán en soterrar a liña de iluminación mantendo intactas as fachadas das vivendas e pavimentar as rúas. Augas Santas é un núcleo de importante valor histórico, turístico e patrimonial, catalogado como Ben de Interese Cultural que conserva intacta a trama rural-urbana típica galega, casas de pedra con solainas e destacados edificios como a Basílica ou o Pazo de Verán do Bispado de Ourense.



OS INDICADORES ECONÓMICOS CONFIRMAN UNHA ACELERACIÓN DO RITMO DE CRECEMENTO DA ECONOMÍA GALEGA

- *O PIB galego medrou no segundo semestre de 2005 por enriba da media do conxunto do Estado*
- *A economía galega rexistrou unha importante recuperación da produción industrial e un forte dinamismo na creación de empresas*
- *O número de afiliados á seguridade social crece por enriba do 3% dende outubro de 2005, mentres se reduce o paro en taxas máis altas que no resto do Estado*

O conselleiro de Economía e Facenda, José Ramón Fernández Antonio, presentou esta mañá ao Consello da Xunta o informe *Conxuntura Económica, o reto da converxencia*, onde se fai unha diagnose dos últimos indicadores económicos de Galicia. Este informe confirma unha moderada aceleración do ritmo do crecemento do PIB galego no segundo semestre de 2005, que supera á media do Estado, así como unha importante recuperación da produción industrial e un forte dinamismo na creación de sociedades mercantís e no crecemento dos afiliados á seguridade social ao tempo que se reduce o paro. Todo isto, conduce á conclusión de que o clima económico e social que se vive na comunidade autónoma permite mirar ao futuro con confianza para afrontar o difícil reto da converxencia.

Segundo os datos contidos no informe presentado polo titular de Economía e Facenda, o PIB galego experimentou unha moderada aceleración no seu ritmo de crecemento ao longo do segundo semestre de 2005, ao medrar por enriba da media estatal, corrixindo a tendencia negativa do primeiro semestre do ano.

Un segundo indicador positivo refírese á produción industrial, que coñeceu unha importante recuperación neste sector clave. Así, dende setembro pasado este indicador superou en Galicia o crecemento experimentado no conxunto do Estado, dato que se confirmou en febreiro cando o despegue rexistrado en Galicia –un crecemento interanual do 7,4%- coñeceu o seu máximo diferencial con respecto á media estatal, con máis de cinco puntos por riba.

Creación de empresas

En relación á creación de empresas, Galicia vén experimentando dende o último trimestre de 2005 un forte dinamismo, como o pon de manifesto que nese período tal indicador rexistrou un incremento do 25% con 1.641 novas sociedades. Neste aspecto, a evolución galega é superior ao coñecido no conxunto do Estado pois acadou un diferencial de máis de 10 puntos respecto da media estatal.

Outro indicador que confirma a positiva evolución da economía galega é o referente á creación de emprego. Así, o crecemento do número de afiliados á Seguridade Social



na comunidade estivo por enriba do 3% dende outubro de 2005. Dato significativo, por canto que se no primeiro trimestre de 2004 este indicador acadou unha media do 2,4% e o ano pasado, do 2,8%, no primeiro trimestre de 2006 ascendeu ao 3,3%.

A evolución no número de afiliados á seguridade social manifestouse na positiva caída da taxa de desemprego e do paro rexistrado na comunidade, que se reduciu en xaneiro en máis dun 4%, o que asemade permitiu diminuir o diferencial con respecto á media do Estado.

Forte impulso no comercio exterior

O comercio exterior tamén confirma as tendencias positivas rexistradas pola economía galega. Neste caso, as exportacións medraron ao longo do ano pasado por enriba das importacións. De feito, o crecemento experimentado en 2005 no capítulo exportador na comunidade foi superior en máis de oito puntos á media do conxunto do Estado.

Respecto da evolución dos prezos, o informe presentado polo conselleiro de Economía e Facenda tamén revela que se ben no primeiro trimestre de 2006 se produciu un lixeiro repunte inflacionista, ao igual que no conxunto do Estado, a inflación subxacente na comunidade situouse, sen embargo, lixeiramente por debaixo da media nacional, polo que a evolución neste indicador tamén é positiva na comunidade.

Todo o anterior revela que o clima económico e social na comunidade autónoma permite mirar ao futuro con confianza para afrontar o difícil reto da converxencia co resto de España e Europa. Unha converxencia que se debe apoiar, conclúe o informe, en tres eixes:

- Facer de Galicia o lugar máis atractivo para investir e traballar
- Mellorar a educación, formación e innovación a prol do avance da produtividade e do crecemento económico
- Crear máis e mellores empregos